

Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3º do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

Versión de '29-12-1992' a '30-03-1994'

MODIFICACIONES

Lei 6/2003, do 9 de decembro

Derrogada por disposición derogatoria única.

Lei 14/1992, do 29 de decembro

Artigo 23 apartado 19 engadido por artigo 17 apartado 2.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo coa disposición final primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras, délgase na Xunta de Galicia a potestade para que, antes de transcorridos seis meses a partir da publicación da citada lei no Diario Oficial de Galicia, elabore un decreto legislativo que conteña o texto articulado das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta lei ordena con carácter xeral o complexo sistema de categorías tributarias xurdidas como consecuencia da prestación de bens e servizos da Administración autonómica. Na súa exposición de motivos contense unha ampla referencia ás novas concepcións nesta materia e ás razóns polas que a Comunidade Autónoma decidiu o establecemento dunha ordenación legal. Con este texto articulado remátase o dito proceso que debe ser seguido de normas de carácter regulamentario sobre xestión e liquidación.

Á delegación expresada na dita lei responde o presente decreto legislativo que está estruturado nos seguintes títulos:

-Título I, que contén as disposicións xerais.

-Título II, que regula a taxa por servizos administrativos.



-Título III, que regula a taxa por servizos profesionais, nas súas dúas modalidades, administrativo - facultativo e actuacións profesionais.

-Título IV, que regula a taxa sobre a venda de bens.

Por todo iso, en cumprimento da disposición final primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo co previsto no artigo 10.a do Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) e no artigo 4º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e o seu presidente.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda é logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de abril de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

Artigo único.-

Apróbase e acórdase publica-lo decreto legislativo polo que se articulan as bases contidas no capítulo 32 do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, once de abril de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

José Antonio Orza Fernández

Conselleiro de Economía e Facenda

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º -Concepto.

1. Son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia os tributos creados por lei e percibidos polos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos dependentes daquela como contraprestación pola entrega de bens ou prestación de servizos dos que a súa subministración sexa da competencia exclusiva deles e a súa demanda ou recepción teña carácter obrigatorio para o suxeito pasivo.



2. Para os efectos previstos no apartado anterior enténdese que a demanda ou recepción ten carácter obrigatorio para o suxeito pasivo cando, conforme a unha disposición legal ou regulamentaria, se impoña a súa solicitude ou esta constitúa condición necesaria para realizar calquera actividade ou obter dereitos ou efectos xurídicos determinados.

3. Son de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia as entregas de bens e prestacións de servizos que non poidan ser realizadas polo sector privado por supor unha intervención na actuación dos particulares ou estar establecida a súa reserva, conforme a normativa vixente, a favor da Administración autonómica ou dos entes de dereito público, con personalidade xurídica propia, que por lei teñan que axusta-la súa actividade ó ordeamento xurídico privado ou dos organismos autónomos de carácter administrativo, comercial ou financeiro dela dependentes.

Artigo 2º -Normativa aplicable.

1. As taxas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse:

- a) Pola Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Polas normas contidas no presente texto.
- c) Se é o caso, pola lei propia de cada taxa.
- d) Polas disposicións regulamentarias dictadas en desenvolvemento das normas anteriores.

2. Aplicaranse con carácter supletorio a Lei de xestión económica financeira pública de Galicia e a Lei xeral tributaria e demais disposicións xerais dictadas en desenvolvemento delas.

Artigo 3º -Principio de capacidade económica.

Cando as características do tributo o permitan e en especial cando se establezan consumos ou se impoñan actividades susceptibles de afectar a tódolos cidadáns, terase en conta a capacidade económica do suxeito pasivo na fixación da correspondente taxa.

Artigo 4º -Reserva de lei.

1. O establecemento das taxas farase mediante norma con rango de lei, na que se determinarán os seus elementos esenciais.

2. Para os efectos previstos no apartado anterior son elementos esenciais das taxas: o feito impoñible, o suxeito pasivo, o tipo de gravame, o devengo e a cota tributaria.

3. Así mesmo, a lei regulará o establecemento, supresión e prórroga de exencións e bonificacións.

4. A Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderá modificar e actualiza-las tarifas correspondentes ás taxas vixentes. Así mesmo a dita lei poderá preve-la



aplicación dunha taxa xa establecida a supostos concretos de venda de bens, realización de actividades ou prestación de servicios.

5. En ningún caso se poderán establecer nin percibir taxas que non sexan consecuencia da subministración ou prestación dalgún ben ou servicio.

Artigo 5º -Clases de taxas.

1. Establécense as seguintes taxas:

- a) Taxa por servicios administrativos.
- b) Taxa por servicios profesionais.
- c) Taxa por venda de bens.

2. Con carácter xeral, as actuacións realizadas polos órganos, organismos ou entes ós que se refire o artigo 1º, que impliquen a prestación de servicios gravados separadamente nas tarifas correspondentes a cada taxa ou por dúas ou máis taxas, determinarán a obriga de satisfacer as costas tributarias correspondentes a cada servicio gravado.

3. Así mesmo, a aplicación dunha taxa que lle autorice ou lle permita unha actividade ó suxeito pasivo non subsumirá o prezo público que, se é o caso, puidese derivarse do exercicio efectivo da actividade autorizada.

Artigo 6º -Exencións e bonificacións.

1. Poderán gozar de exención das taxas o Estado, a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e os demais entes públicos territoriais ou institucionais.

2. Cando así o determine unha norma con rango de lei, gozarán de exención ou bonificación os demais suxeitos pasivos en función das características do feito imponible ou da condición deles.

Artigo 7º -Contía das taxas.

1. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder do custo total de produción do ben ou servicio prestado. A tarifa determinarase atendendo ó custo medio previsto para a prestación do ben ou servicio do que se trate. Noutro caso deberá sinalarse a correspondente subvención reguladora.

2. As tarifas así establecidas revisaranse como mínimo cada cinco anos, baseándose nos rexistros de gastos e ingresos que para cada servicio prestado levarán os órganos, organismos ou entes encargados da súa xestión, e na correspondente memoria económica - financeira que sobre o custo e a actividade realizada elaboren estes, sen prexuízo da actualización anual prevista no artigo 4º, apartado 4, do presente texto, a cal estará en función das variacións do custo económico motivadas pola fluctuación dos índices de prezos ó consumo e incrementos das retribucións do persoal adscrito ós mencionados órganos, organismos ou entes.



3. Nos supostos de establecemento dunha nova taxa e nos de modificación das tarifas vixentes cando non se trate da actualización anual á que se refire o apartado anterior, deberase elaborar unha memoria económico - financeira que deberá conter como mínimo información relativa ós gastos directos e indirectos que contribúan á formación do custo total do servizo ou actividade, así como unha previsión sobre o custo unitario que lle corresponde e unha proposta da tarifa aplicable. Regulamentariamente determinaranse os distintos conceptos de custos que compoñen os gastos directos e indirectos.

4. A cota tributaria poderá consistir nunha cantidade fixa sinalada para o efecto, determinarse en función dun tipo de gravame aplicable á base imponible que, se é o caso, se determine, ou establecerse conxuntamente por ámbolos procedementos.

Artigo 8º -Devengo.

1. As taxas devengarase segundo a natureza do feito imponible:

a) Cando se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixilo seu depósito anterior.

b) Cando se presente a solicitude que inicia a actuación ou expediente, que non será realizada ou tramitada sen que se efectúe o pago correspondente.

2. Cando as taxas se devengen periodicamente, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán publicarse as sucesivas liquidacións mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 9º -Pago.

1. O pago deberá facerse dentro dos prazos que regulamentariamente se determinen ben en función do momento da solicitude, ben en función do momento no que se produza o devengo.

2. A Administración ou entidade oferente denegará a entrega do ben ou prestación do servizo cando o suxeito pasivo incumpra o pago. Así mesmo devolverá as cantidades que percíbise cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, non se levase a cabo a cesión do ben ou a prestación do servizo solicitado.

3. O pago das taxas efectuarase mediante ingreso no Tesouro da Facenda galega, de acordo coas modalidades que regulamentariamente se establezan.

4. Poderá igualmente autorizarse o pago das taxas mediante o emprego de efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. O pago das taxas poderá aprazarse ou fraccionarse na forma e condicións que regulamentariamente se determinen. Nestes casos, as cotas aprazadas devengarán o interese de demora vixente e deberán garantirse mediante hipoteca, peñor, aval bancario e outra garantía suficiente, agás que sexan inferiores á cifra que por orde fixe o conselleiro de Economía e Facenda.



Artigo 10º -Xestión.

1. A xestión e liquidación de cada taxa corresponderalles ós órganos da Administración, entes ou organismos autónomos que subministren o ben ou servicio obxecto dela.
2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a autoliquidar as taxas e ingresar o seu importe no Tesouro da Facenda galega, naqueles supostos que por proposta da Consellería de Economía e Facenda regulamentariamente se determinen.
3. A fiscalización, control contable e funcións de inspección financeira e tributaria, así como as relativas ós procedementos de recadación, correspóndenlle á Consellería de Economía e Facenda. Non obstante, cando a natureza e características de cada taxa o permitan, poderase establecer regulamentariamente, por proposta da dita consellería, a participación dos órganos, entes ou organismos autónomos que presten o servicio nos procedementos de recadación das taxas.
4. Os órganos, entes e organismos autónomos que subministren bens ou presten servicios para cada actividade obxecto de taxa estarán obrigados a levar rexistros separados tanto dos gastos en que incorran na subministración de tales bens ou servicios como dos ingresos obtidos.

Artigo 11º -Responsables.

A norma legal reguladora de cada taxa poderá sinalar a responsabilidade solidaria ou subsidiaria daquelas persoas físicas ou xurídicas que, distintas do suxeito pasivo, estean interesadas ou relacionadas coa prestación do servicio ou realización da actividade de que se trate.

Artigo 12º -Reclamacións e recursos.

1. Os actos de xestión das taxas da Comunidade Autónoma serán recorribles en reposición con carácter potestativo ante o órgano que dictou o acto.
2. Contra a resolución do recurso de reposición ou contra os actos de xestión, se non se interpuxo aquel, poderase recorrer ante o Tribunal Económico - Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, do cal as resolucións esgotan a vía administrativa.

Artigo 13º -Prescripción e réxime sancionador.

En todo o relativo á prescripción, infraccións e sancións rexerán as disposicións enunciadas no artigo 2º que sexan de aplicación por razón da materia.

TÍTULO II TAXA POR SERVICIOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 14º -Feito imponible.



1. Constitúe feito impoñible da taxa por servizos administrativos a realización por parte dos órganos da Administración, entes de dereito público, con personalidade xurídica propia, que por lei teñan que axusta-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado, e organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, dos servizos administrativos relativos a autorizacións, inscrición en rexistros e certificacións, que afecten ou beneficien dun modo particular ós suxeitos pasivos.

Artigo 15º -Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten as actuacións administrativas que constitúen o feito impoñible.
2. Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades, carentes de personalidade xurídica, que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

Artigo 16º -Exencións.

Gozarán de exención da presente taxa:

1. A expedición de certificados de retribucións satisfeitas pola Xunta de Galicia co obxecto de xustificación en relación co Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
2. A expedición de certificados e compulsa que o persoal da Administración solicite respecto a necesidades propias do posto de traballo ou relación de servizos.
3. Os alumnos por calquera actuación en materia de ensinanzas non universitarias.
4. A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma dos funcionarios de carreira.

Artigo 17º -Devengo.

A taxa devengarase no momento en que se presente a solicitude para a prestación dos ditos servizos administrativos.

Artigo 18º Tarifa.

A taxa esixirase de acordo coa correspondente tarifa:

0.1 Dilixenciamiento de libros 500

0.2 Inscrición en rexistros oficiais 1.000

0.3 Inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma

–Grupo I do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo A 4.000



- Grupo II do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo B 3.500
- Grupo III e IV do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo C 3.000
- Grupo V do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo D 2.500
- Grupo VI e VII do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo E 2.000

0.4 Expedición de certificados 300

0.5 Compulsa de documentos:

-Folio primeiro 200

-Por cada un dos folios seguintes 50

0.6 Verificación da suficiencia de poderes e documentos acreditativos de lexitimación 1.000

0.7 Autorizacións máquinas recreativas e de azar

0.1. Autorización de explotación

-Máquinas tipo "A" 5.000

-Máquinas tipo "B" 10.000

-Máquinas tipo "C" 20.000

0.2. Baixas, definitivas ou temporais, trocos ou retrocos, cambios de titularidade e calquera outra circunstancia que altere o contido da autorización 5.000

0.3. Boletín de instalación, cambios e baixas 2.000

0.4. Petición de duplicación de documentos 2.000

0.5. Despezamento de máquinas (con asistencia de funcionarios da consellería) 5.000

-Por cada máquina 1.000

0.6. Habilitación do titular do local de instalación 2.000

0.8 Empresas operadoras, de servizos técnicos e comercializadoras.

0.1. Autorizacións 25.000

0.2. Modificacións 10.000

0.9 Salóns recreativos



0.1. Solicitude de informe de instalación 10.000

0.2. Autorización de apertura 40.000

0.3. Modificacións da autorización de apertura 20.000

10. Bingos

0.1. Solicitude de informe para instalación 20.000

0.2. Autorización de instalación 25.000

0.3. Autorización de apertura, atendendo á súa categoría segundo a súa capacidade:

–Terceira categoría (ata 200 xogadores) 100.000

–Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores) 125.000

–Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores) 150.000

–Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores) 250.000

0.4. Modificación de autorizacións de instalación e apertura 25.000

0.5. Outras autorizacións 12.000

0.6. Empresas de servicios de explotación de bingos:

–Autorizacións 100.000

–Renovacións 50.000

–Modificacións 50.000

0.7. Acreditacións profesionais:

–Autorización 1.000

–Renovación 500

11. Casinos

0.1. Autorización de instalación 300.000

0.2. Autorización de apertura 500.000

0.3. Renovación de autorizacións de instalación e apertura 250.000



0.4. Modificacións de autorizacións de instalación e apertura 250.000

0.5. Outras autorizacións 50.000

0.6. Acreditacións profesionais:

–Autorización 5.000

–Renovacións 2.000

12. Boletos

0.1. Autorización de explotación 500.000

0.2. Renovación da autorización de explotación 300.000

0.3. Modificacións na autorización de explotación 100.000

0.4. Outras autorizacións 25.000

0.5. Autorización de distribución de boletos 300.000

0.6. Modificación da autorización de distribución de boletos 50.000

0.7. Dilixenciamento de comunicacións de puntos de venda de boletos 5.000

13. Rifas, tómbolas e combinacións aleatorias.

0.1. Autorización de explotación. 10.000

0.2. Modificación da autorización de explotación 5.000

14. Expedición de licencias de pesca continental e matrículas de embarcacións.

0.1. Clase A, para españois e estranxeiros residentes 2.000

0.2. Clase B, para estranxeiros non residentes 4.000

0.3. Clase C, para menores de 18 anos e maiores de 65 anos 1.000

0.4. Recargo para licencias que inclúan a pesca do reo e o salmón (da licencia correspondente) 50%

0.5. Permiso para pesca da lamprea 5.000

0.6. Matrículas de embarcacións con motor 1.500



0.7. Matrículas de embarcacións sen motor 1.000

15. Expedición de licencias de caza

0.1. Clase A. Con armas de fogo

A-1 Españois e estranxeiros residentes maiores de 18 anos 3.000

A-2 Españois e estranxeiros residentes menores de 18 anos ou maiores de 65 1.500

A-3 Estranxeiros non residentes 10.000

0.2. Clase B. Calquera procedemento autorizado agás armas de fogo

B-1 Españois e estranxeiros residentes maiores de 18 anos 2.000

B-2 Españois e estranxeiros residentes menores de 18 anos ou maiores de 65 1.000

B-3 Estranxeiros non residentes 7.000

0.3. Clase C. Para posuír cans con fins de caza 12.000

16. Matrículas de coutos de caza

0.1. Matrículas de coutos de caza menor

25% da renda cinexética cun mínimo de 25.000

A renda cinexética obterase multiplicando o número de ha do couto polas pesetas/ha en función da seguinte escala:

Grupo I (menor de 0,30 pezas ha), 33 ptas. por ha

Grupo II (entre 0,30 e 0,80 pezas ha), 66 ptas. por ha

Grupo III (entre 0,80 e 1,5 pezas ha), 132 ptas. por ha

Grupo IV (maior de 1,5 pezas ha), 220 ptas. por ha

0.02. Matrículas de coutos de caza maior.

25% da renda cinexética cun mínimo de 25.000

A renda cinexética determinarase multiplicando o número de ptas./ha en función da seguinte escala:

Grupo I (menor dunha res por 100 ha), 37 ptas. por ha



Grupo II (entre unha e dúas reses por 100 ha), 77 ptas. por ha

Grupo III (entre dúas e tres reses por 100 ha), 132 ptas. por ha

Grupo IV (máis de tres reses por 100 ha), 220 ptas. por ha

17. Actuacións en materia de pesca, marisqueo e acuicultura

0.1. Expedición de permisos de explotación.

–A pé 1.000

–Desde embarcación segundo tonelaxe de rexistro bruto:

–0,10 TRB a 2,50 TRB 2.000

–2,51 TRB a 5,00 TRB 3 .000

–5,01 TRB a 10,00 TRB 5 .000

–10,01 TRB 7.000

0.2. Expedición de licencia para a pesca deportiva:

–Desde embarcación 4.000

–Submarina 25.000

0.3 Talonarios de guías de control de produtos da pesca e acuicultura, cada un cun número de 50 follas 1.000

Os servizos administrativos a que se refiren as tarifas 1, 2, 4 e 5 da presente taxa non estarán suxeitos a elas cando estean gravados especificamente noutras.

TÍTULO III TAXA POR SERVICIOS PROFESIONAIS

Artigo 19º -Feito imponible.

Constitúe feito imponible da taxa por servizos profesionais a prestación por parte dos órganos da Administración, entes de dereito público, con personalidade xurídica propia, que por lei teñan que axusta-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado, e organismos autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, dos servizos profesionais que afecten ou beneficien dun modo particular ós suxeitos pasivos.

Artigo 20º -Modalidades.



Para efectos do disposto no articulado anterior os servicios profesionais divídense en dúas modalidades:

a) Modalidade de actuacións administrativo - facultativas. Nos servicios administrativos, análogos ós sometidos á taxa por servicios administrativos, cando a súa prestación require que se leve a cabo baixo a dirección dun profesional facultativo.

b) Modalidade de actuacións profesionais. Nos servicios de asesoramento, consulta, dirección técnica de obras, emisión de informes, análises, dictames ou opinións profesionais e, en xeral, nas actividades que esixen a calificación que ten o profesional que as presta.

Artigo 21º -Suxeito pasivo.

1. É suxeito pasivo contribuínte da taxa por servicios profesionais a persoa natural ou xurídica que solicite ou se lle preste calquera dos servicios que figuran no artigo seguinte.

2. Así mesmo terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas, comunidades de bens e demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte:

a) Na tarifa 08 da modalidade administrativo - facultativa, as persoas físicas ou xurídicas titulares da industria ou establecemento onde se efectúen actividades e controles gravados na dita tarifa.

b) Na tarifa 27 da modalidade actuacións profesionais a empresa concesionaria do servicio de inspección técnica de vehículos.

Artigo 22º -Devengo.

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servicio.

Artigo 23º -Tarifas.

Modalidades administrativo - facultativas:

0.1 Outorgamentos, rehabilitación, prórroga, visado ou modificación de autorizacións en materia de transportes mecánicos, de viaxeiros e mercancías por estrada.

0.1. Autorización ou rehabilitación 2.500

0.2. Prórroga, visado ou modificación 2.000

0.3. Autorización especial para circulación relativa ó artigo 220 do Código de circulación 5.000

0.4. Autorización especial de circulación relativa ó artigo 222 do Código de circulación 2.500



0.5. Autorización para servizos regulares de uso especial de transporte de escolares e traballadores (reiteración de itinerarios con vehículos discrecionais) 2.500

0.6. Capacitación profesional para o exercicio de actividades de transporte, auxiliares e complementarias deste.

–Recoñecemento: por cada modalidade de transporte 2.000

–Realización das probas para a obtención do certificado: por cada unha das modalidades 2.000

–Expedición do certificado: por cada modalidade 2.000

0.7. Actuacións relativas ás concesións de servizos públicos regulares:

–Outorgamento e ampliación das concesións

–Por cada km medio diario 50

O número medio diario de km recorridos será o resultado de dividi-lo número de km a recorrer nas expedicións previstas ó longo do ano na concesión ou ampliación solicitada por 365.

–Modificación das condicións da concesión, por cada modificación 5.000

–Visado dos cadros de tarifas 2.500

0.2 Recoñecemento e inspección, para efectos de habitabilidade dos locais destinados a vivenda.

–Por cada vivenda 2.000

0.3 Actuacións en materia de ordenación en industriais agrarias e pesqueiras.

0.1. Instalación de novas industrias ou ampliación das existentes

Base de aplicación (capital de instalación ou ampliación)

–Ata 500.000 ptas. 5.500

–Desde 500.001 a 1.500.000 ptas. 8.200

–De 1.500.001 a 3.000.000 de ptas. 11.000

–Por cada 1.000.000 máis ou fracción 1.550

0.2. Traslado de industrias

Base de aplicación (valor da instalación)



- Ata 500.000 ptas. 3.000
- Desde 500.001 a 1.500.000 ptas. 5.100
- De 1.500.001 a 3.000.000 de ptas. 6.700
- Por cada 1.000.000 máis ou fracción 1.400

0.3. Substitución de maquinaria

Base de aplicación (capital das instalacións de substitución)

- Ata 500.000 ptas. 1.500
- Desde 500.001 a 1.500.000 ptas. 2.500
- De 1.500.001 a 3.000.000 de ptas. 3.300
- Por cada 1.000.000 máis o u fracción 650

0.4. Cambio de propietario da industria

Base de aplicación (Valor da instalación)

- Ata 10.000.000 de ptas. 5.000
- De 10.000.001 a 25.000.000 de ptas. 10.000
- De 25.000.001 a 50.000.000 de ptas. 15.000
- De 50.000.001 a 100.000.000 de ptas. 20.000
- Máis de 100.000.000 de ptas. 25.000

Sen prexuízo das sancións que foran de aplicación e nos supostos de continuación da actividade cando se trate de industrias instaladas ou modificadas clandestinamente aplicaranse as tarifas anteriores que correspondan incrementadas nun 100%

Cando se trate de industrias catalogables as tarifas veranse reducidas nun 50%, se do resultado da anterior operación, a dita redución determinase unha cota inferior á sinalada para o primeiro tramo de cada tarifa, esta última terá o carácter de cota mínima.

0.4 Actuacións en materia de fomento, defensa e mellora da produción agrícola.

0.1. Inscripción no rexistro de produtores e distribuidores de produtos e material fitosanitario
2.000

0.2. Renovación da anterior inscrición 1.500



0.3. Inscripción no rexistro de maquinaria agrícola

0.1. Para maquinaria usada

–Colleitoras 2.500

–Tractores 1.500

–Remolques, motocargadores e autocargadores 500

0.2. Maquinaria nova (tómase como base o prezo de compra)

–Ata 500.000 ptas. 0,25%

–Resto 0,20%

0.3. Inscripción no rexistro provisional de produtores de planta de viveiro 2.000

0.4. Recoñecementos

–Por visitas de recoñecemento a viveiros e instalacións de carácter forestal 1.200

0.5. Certificacións fitosanitarias

0.1. Ata 300.000 ptas. 0,5%

0.2. De 300.001 ata 600.000 ptas. 0,4%

0.3. De 600.001 ata 1.000.000 de ptas. 0,3%

0.4. Exceso sobre 1.000.000 de ptas. 0,2%

0.5 Xestión técnico - facultativa de servizos forestais.

0.1. Levantamento de planos

–Por levantamento de itinerarios (ptas./quilómetro cadrado) 1.500

–Por confección do plano (ptas./ha) 40

–Replanteo de planos. Mínimo 10.000 ptas. (ptas. por quilómetro cadrado ou fracción) 3.000

0.2. Particións

–Aplicarase tarifa dobre do levantamento de planos, pero tendo o enxeñeiro a obriga de dar a cada interesado un plano xeral coas divisións e a de marcar e derregar sobre o terreo os diferentes lotes (mínimo) 20.000



0.3. Deslindes

–Para o apeo e levantamento topográfico, a razón de ptas./km 4.000

A este importe engadirase o 2,25% do presuposto total polo estudio e informe da documentación. Mínimo 15.000

0.4. Marcaxe

–Para o replanteo, a razón de ptas./km ou fracción 3.000

–Polo recoñecemento e recepción das obras (do presuposto de obras) 10%

Mínimo 15.000

0.5. Cubicación e inventario de existencias

–Inventario de árbores (ptas./metro cúbico) 0,6

–Cálculo de cortizas, resinas, froitos, etc. (ptas./árbore) 0,60

–Existencias apeadas, 5 por mil do valor inventariado

–Montes rasos (ptas./ha) 9

–Montes baixos (ptas./ha) 30

–Mínimo 10.000

0.6 Valoración

–Ata 50.000 ptas. de valor 3.000

–Excesos sobre 50.000 ptas., o 5 por mil

0.7 Ocupacións e autorización de cultivos agrícolas en terreos forestais.

–Por demarcación ou sinalamento do terreo

Ata 20 ha (cada ha) 120

Restantes ha (cada ha) 70

Mínimo 10.000

–Pola revisión anual do desfrute, o 50% do canon ou renda anual del. Mínimo 5.000



0.8. Catalogación de montes e formación do mapa forestal. A razón de ptas./ha. As mil primeiras 3,50

Restantes, cada ha 1

Mínimo 10.000

0.9 Memorias informativas de montes

–Ata 250 ha de superficie, ptas./ha 15

–Exceso sobre 251 ata 1.000 ha, ptas./ha 5

–Exceso sobre 1.001 ata 5.000 ha, ptas./ha 3

–Exceso sobre 5.000 ha, ptas./ha 2

10. Redacción de planos, estudos ou proxectos de:

–Ordenacións e as súas divisións: pola redacción das memorias preliminares de ordenación:

–Ata 500 ha de superficie 1.200

–De 501 a 1.000 ha 1.500

–De 1.001 a 5.000 ha 3.000

–De 5.001 a 10.000 ha 4.500

–De 10.001 ha en diante 6.000

–Por confección de proxectos de ordenación de montes, a razón de ptas./ha, cando a súa cabida sexa inferior a 1.000 ha 110

–Por cada ha de exceso, a razón de ptas./ha 55

–Nos proxectos de ordenación de montes baixos, herbáceos e herbáceo - leñosos, a tarifa será o 40% da consignada no parágrafo anterior e nos montes medios do 50%

–Para as revisións aplicarase o 50% das tarifas de ordenación.

–Na redacción de plans provisionais de ordenación aplicarase as tarifas de montes altos, pero afectándoas ó coeficiente de 0,40 cando se trate de montes altos; 0,25 de montes medios e baixos, 0,15 de herbáceos.

–Para as revisións aplicarase en cada caso unha tarifa igual ó 0,50 da correspondente ó proxecto.



11. Recoñecementos

–Por visistas de recoñecemento a viveiros e instalacións de carácter forestal devengará 1.200

12. Certificacións fitosanitarias

0.1. Ata 300.000 ptas. 0,5%

0.2. Exceso sobre 300.000 ata 600.000 ptas. 0,4%

0.3. Exceso sobre 600.000 ata 1.000.000 de pesetas 0,3%

0.4. Exceso sobre 1.000.000 de ptas. 0,2%

13. Sinalamento e inspección de toda clase de aproveitamentos en montes catalogados e non catalogados

0.1. Madeiras

–Sinalamentos.

–Por cada un dos 100 primeiros metros cúbicos 15

–Por cada un dos 100 seguintes 14

–Por cada un dos restantes 7

–Contadas en branco: 75% do importe dos sinalamentos.

–Recoñecementos finais: 50% do importe dos sinalamentos.

0.2. Resinas e cortizas.

–Sinalamentos por cada árbore 1,20

–Recoñemento de campañas, o 50% do sinalamento.

–Recoñecementos finais (por unha árbore) 1,20

0.3. Leñas

–Sinalamento.

–Por cada ha: das 100 primeiras 6

–Polas restantes 3

–Recoñecemento final: 75% do sinalamento.



0.4. Pastos e ramada. Operacións anuais.

–Por cada unha das 500 primeiras ha 7,20

–As restantes ata 1.000 ha 3,60

–As restantes ata 2.000 ha 1,80

–Exceso sobre 2.000 ha 0,90

0.5. Froitos e sementes. Recoñementos anuais

–Por cada unha das 200 primeiras ha 7,20

Polas restantes 4,80

0.6. Plantas industriais non leñosas. Recoñecementos anuais.

–Por cada un dos 1.000 primeiros quintais 3,60

–polos restantes 1,80

0.7. Entrega de toda clase de aproveitamentos 0,25%

(do importe de taxación).

0.6 Batidas

0.1. Taxa de concesión de batidas por custos derivados da súa realización 6.700

0.2. Supervisión de batidas 5.000

0.7 Prestación de servicios facultativo - veterinarios

0.1. Comprobación sanitaria, loita contra enfermidades das ganderías afectadas e nas campañas de saneamento gandeiro cando a prestación deba facerse por incumprimento da normativa que a regule:

–Équidos e bovinos (por cabeza) 150

–Porcino, ovino, caprino e leitóns (por cabeza) 75

–Aves e coellos 1,5

–Colmeas 50



0.2. Prestación de servicios facultativos relacionados coa análise, dictames, peritaxe, cando así o esixa o cumprimento da normativa vixente.

Análise bacteriolóxica, bromatolóxica, parasitolóxica 600

Serodiagnóstico e probas alérxicas 300

Estudio analítico e dictame de terreos sospeitosos de contaminación enzoótica 1.500

Recoñecemento facultativo dos animais importados e expedición da certificación de aptitude 600

0.3. Autorización ou revisión anual das delegacións e depósitos dos produtos biolóxicos e zosanitarios destinados á prevención e loita contra enfermidades infecto-contaxiosas e parasitarias dos animais e de material xenético.

–Autorización:

–Por delegación 10.000

–Por depósito 7.500

–Revisión:

–Por delegación 5.000

–Por depósito 3.000

0.4. Expedición de certificados sanitarios acreditativos de que os animais proceden de zona non infectada e que non padecen enfermidades infecciosas, contaxiosas, ou parasitarias transmisibles.

–Equinos e bovinos (por cabeza) 250

–Ovino e caprino (por cabeza) 30

–Coellos reprodutores e coellas (por animal) 1

–Galiñas, perdices, faisáns, outras aves (por ave) 1

–Polos de recría (por cada un) 0,5

–Porcos (por cada un) 150

–Colmeas 50

0.5. Vixilancia e revisión de operacións de desinfección.



–Vehículos e embarcacións 800

–Locais 1.000

0.6. Autorización de centros de inseminación artificial ou de paradas de sementais e revisión anual de animais aloxados nos ditos centros.

–Por autorización do centro 10.000

–Por autorización de parada de sementais 1.500

–Por revisión de semental:

–Equinos e bovinos 500

–Ovinos, caprinos e porcinos 100

0.7. Por marcas e tipificación de coiros e peles 100

0.8. Revisión e toma de mostras de industrias e explotacións non previstas nos programas oficiais 1.500

0.9. Tarxetas de tratantes.

–Expedición e actualización 1.000

10. Autorización e revisión de núcleos zoolóxicos, centros con animais de experimentación e centros de equitación:

–Por autorización 5.000

–Por revisión 500

11. Legalización de explotacións, delegacións, depósitos, paradas de sementais, núcleos zoolóxicos, centros con animais de experimentación e centros de equitación (da súa tarifa correspondente) 200%

(Sen prexuízo das accións legais que tivesen lugar).

12. Recoñecemento e expedición de certificados sanitarios para transporte e circulación de animais:

–Équidos e bovinos (ptas./cabeza.) 250

(Ata un máximo de 5.000 ptas.)

–Ovino, caprino e porcino (ptas./cabeza) 30



(Ata un máximo de 1.500 ptas.)

–Coellos reprodutores e aves (ptas./animal) 1

–Colmeas (ptas./unidade) 50

13. Solicitud de autorización de traslado de animais a destino (ptas./solicitud) 200

14. Solicitud de concesión de calificación sanitaria de explotacións 2.000

–Renovación anual 200

0.8 Inspeccións sanitarias veterinarias

01. Actividades conxuntas de inspección de control sanitario «ante mortem», «post mortem»; selado de canais, cabezas, linguas, pulmóns e fígados, etc., e investigación de residuos, esixibles con ocasión de sacrificios de animais.

	Peso canal Kg/unidade	cota ptas. por animal
1.1. Bovino		
1.1.1. Maior con máis de	218	306
1.1.2. Maior con menos de	218	170
1.2. Solípedos/équidos	indefinido	300
1.3. Porcino		
1.3.1. Comercial de máis de	10	89
1.3.2. Leitóns de menos de	10	14
1.4. Ovino e caprino		
1.4.1. Con máis de	18	34
1.4.2. Entre	12 e 18	24
1.4.3. De menos de	12	12
1.5. Aves de curral		
1.5.1. Para aves adultas pesadas con máis de	5	2,70
1.5.2. Para aves de curral novas de engorda con máis de..	2	1,40
1.5.3. Para polos e galiñas de carne e demais aves de curral novas de engorda con menos de	2	0,70
1.5.4. Para galiñas de reposición	2	0,70
1.6. Coellos		
1.6.1. Miúdos e menos de	2	0,70
1.6.2. Máis de	2	1,40
1.6.3. Máis de	5	2,70

0.2. Inspección e control sanitario nas salas de desfeita, incluído o etiquetado e marcado de pezas obtidas dos canais (antes de partir incluídos os ósos) ptas./Tm. de peso real) 204

0.3. Actividades de control e inspección da entrada, saída e conservación de carnes frescas e expedición, se é o caso, do certificado de inspección sanitaria que deberá acompañar as carnes ata o lugar do seu destino.



–Control e inspección sanitaria de operacións de entrada en almacén: 204

–Control e inspección sanitaria de operacións de saída incluído o certificado de inspección 204

–Por cada visita destinada ó control e á inspección sanitaria da conservación das carnes en almacén 204

Como excepción ó disposto no artigo 5.2., cando un mesmo establecemento ou industria realice conxuntamente varias das actividades de inspección e control, de maneira que das actuacións oficiais de inspección e control sanitario resultasen esixibles diversas cotas tributarias, procederase á súa acumulación conforme as seguintes regras:

a) Cando se efectúen conxuntamente operacións de sacrificio, parta e almacenamento, a taxa que se percibirá será igual ó importe acumulado das cotas correspondentes ás operacións de sacrificio e parta, sen que sexa esixible a cota correspondente á operación de entrada en almacén.

b) cando se efectúen conxuntamente operacións de parta e almacenamento procederase a realiza-la acumulación de cotas sen que sexa esixible a correspondente á operación de entrada en almacén.

0.9 Certificado sanitario para a circulación de produtos alimenticios destinados ó consumo humano:

0.1. Caza maior

–Por peza 1.000

0.2. Caza menor

–Por peza 50 (mínimo 100)

0.3. Pescado, leite ou outros, así como os seus derivados:

–1 - 100 kgs. ou litros 100

–101 - 1.000 kgs. ou litros 300

–1.001 - 10.000 kgs. ou litros 500

–Superior a 10.000 kgs. ou litros 1.000

0.4. Ovos

–De 1 a 100 ducias 100

–De 101 a 1.000 ducias 300



–de 1.001 a 10.000 ducias 100

–Superior a 10.001 ducias 1.000

10. Expedición de autorizacións sanitarias para obras de nova construción ou reforma, locais, instalacións, industrias, actividades e espectáculos públicos.

0.1. Expedición de autorización sanitaria de funcionamento

–Presupostos de ata 10.000.000 10.000

–Presupostos de 10.000.001 a 100.000.000 15.000

–presupostos de máis de 100.000.000 20.000

0.2. Validación sanitaria de funcionamento

–Presupostos de ata 10.000.000 2.500

–Presupostos de 10.000.001 a 100.000.000 3.500

–Presupostos de máis de 100.000.000 4.500

11. Servicios de farmacia e medicamentos

0.1. Por recoñecemento da adquisición da condición de:

a) Director técnico de almacén farmacéutico 2.000

b) Director técnico de farmacia hospitalaria 2.000

c) Farmacéutico propietario, copropietario ou rexente de oficina de farmacia 2.000

d) Farmacéutico substituto ou adxunto en oficina de farmacia 2.000

12. Outras actuacións sanitarias:

0.1. Recoñecemento ou exame de saúde e entrega de certificado, sen incluí-las taxas autorizadas por análise, exploracións especiais e impresos 1.000

0.2. Emisión de informes que esixan estudos e exames de proxectos e/ou expedientes tramitados por instancia de parte 2.500

0.3. Recoñecemento e entrega de certificado de ausencia de tuberculose 1.000

0.4. Vixilancia, colaboración e participación da Consellería de Sanidade nas campañas de control da antroppozoneose.



–Por animal 100

0.5. Inspección e comprobación das operacións de desinfección, desinsectación e desratización efectuadas por empresas particulares autorizadas:

–O 7,5% da factura cun mínimo de 2.000 ptas.

0.6. Expedición do carné de manipulador de alimentos 1.000

–Renovación deste 500

13. Cadáveres e restos cadavéricos

0.1. Traslado do cadáver sen inhumar

–A outras CC.AA. 3.000

–Ó estranxeiro 6.000

0.2. Exhumación dun cadáver 7.500

14. Autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios.

0.1. Autorización administrativa sanitaria previa:

Fase de estudio e informe do proxecto antes de autoriza-las obras de creación, construción, modificación ou adaptación:

–Hospitais e balnearios 25.000

–Servicios sanitarios hospitalarios 20.000

–Servicios de transporte sanitario 15.000

–Resto dos centros, servicios e establecementos sanitarios 10.000

0.2. Autorización de apertura e posta en funcionamento:

Fase de visita de inspección, unha vez rematadas as obras e instalado o equipamento, e emisión do informe previo ó permiso para a súa apertura 10.000

15. Entidades de seguro libre de asistencia sanitaria.

0.1. Autorización e inscrición no rexistro fase de estudio e informe da solicitude antes de concede-la autorización para poder actuar na Comunidade Autónoma 15.000

0.2. Fase de inspección, control, vixilancia e tutela e intervención das actividades sanitarias das entidades trala autorización correspondente.



TARIFA: 2 por mil trimestral do importe das primas pagadas polos asegurados ás entidades.

16. Acreditación de centros para a práctica legal da interrupción voluntaria do embarazo
20.000

17. Autorización dos centros sanitarios extractores e transplantadores de órganos.

0.1. Comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para a autorización e acreditación correspondente 20.000

0.2. Renovación da autorización 10.000

18. Actividades de control de centros, servicios e establecementos sanitarios 5.000

19. Actuacións en materia de turismo.

0.1.— Clasificación, cambios de grupo e categoría, ampliacións e melloras de pazos, establecementos hoteleiros e extrahoteleiros:

Establecementos de ata 20 unidades de aloxamento: 8.000.

Establecementos de 21 a 50 unidades de aloxamento: 14.000.

Establecementos de 51 a 100 unidades de aloxamento: 20.000.

Establecementos de máis de 100 unidades de aloxamento: 25.000.

0.2.— Clasificación, cambios de grupo e categorías, ampliacións e melloras de fondas e casas de hóspedes: 5.000.

0.3.— Autorización de apertura de campamentos de turismo:

Campamentos de turismo de ata 100 prazas: 10.000.

Campamentos de turismo de 101 a 200 prazas: 15.000.

Campamentos de turismo de máis de 200 prazas: 20.000.

0.4.— Concesión do título. Licencia de axencia de viaxe: Axencia de viaxe: 12.000. Sucursais: 6.000.

0.5.— Clasificación, cambios de categoría, ampliacións e melloras de restaurantes e cafeterías: 5.000.

0.6.— Expedición do carné de guía e guía-intérprete de turismo: 2.000.



0.7.— Inscripción para participar nos exames para a habilitación de guías e guías-intérpretes de turismo: 5.000.

Lei 14/1992, do 29 de decembro.

Artigo modificado: Artigo 23 apartado 19 engadido por artigo 17 apartado 2.

Artigo 24º –Tarifas.

Modalidade das actuacións profesionais:

0.1 Informes técnicos e outras actuacións facultativas realizadas por persoal técnico ó servizo da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos cando deban facerse como consecuencia de disposicións en vigor ou dos termos propios das concesións e autorizacións outorgadas.

–Sen saída ó campo 3.000

–Con saída ó campo 17.000

–Se é necesario saír máis de un día, por cada día máis 14.000

–Se é o caso por foto 300

Esta tarifa incrementarase en 4.000 ptas. por ha.

0.2 Actuacións facultativas en relación coa realización de actividades extractivas 20.000

0.3 Dirección e inspección de obras feitas mediante contrato, incluídas as adquisicións ou subministracións especificadas nos proxectos e as correspondentes revisións de prezos a cargo da Administración para a xestión e execución das ditas actividades, xa sexa mediante subhasta, concurso, contratación directa ou calquera outra forma de adxudicación.

A base da taxa será o presuposto de execución material, incluíndo se é o caso, as revisións de prezos e as adquisicións e subministracións específicas nos proxectos e segundo as certificacións expedidas polo servizo. O tipo será do 4%.

0.4 Taxa por redacción de proxectos, confrontación e taxación de obras e proxectos. A base da taxa é o importe do presuposto do proxecto de obras, servizos ou instalacións e, no caso de taxación, o valor que resulte para ela.

O importe da taxa obterase multiplicando a raíz cúbica do cadrado da base polo coeficiente que a continuación se sinala, é dicir, por aplicación da fórmula:

$$t = c p^{2/3},$$



onde p é igual á base da taxa dividida por dez.

a) No caso de redacción de proxectos de obras, servicios e instalacións aplicarase o coeficiente $c = 12$. A taxa mínima será de sesenta mil pesetas.

b) No caso de confrontación e informe aplicarase o coeficiente $c = 4$. A taxa mínima será de vintecinco mil pesetas.

c) No caso de taxacións de obras, servicios ou instalacións e no de taxacións de terreos ou edificios aplicarase o coeficiente $c = 2$. A taxa mínima será de vinte mil pesetas.

d) No caso de taxacións de proxectos de obras, servicios ou instalacións aplicarase o coeficiente $c = 1,5$. A taxa mínima será de quince mil pesetas.

0.5 Exame de proxectos, comprobación de certificacións e a inspección de obras, tanto de nova planta como de rehabilitación de toda clase de vivendas acollidas á protección oficial.

(Sobre presuposto protexible) 0,07

Enténdese por presuposto protexible a suma do presuposto xeral, incluídos a marxe industrial e de administración e honorarios facultativos e valor dos terreos.

0.6 Visado de contratos de adquisición de vivendas de protección oficial 500

0.7 Xestión técnico - facultativa de industrias e minas.

0.1. Capacitación profesional para o exercicio de actividades en materia de industria, enerxía e minas.

–Realización de probas para a obtención do certificado 2.000

–Expedición de certificados de capacitación profesional ou empresarial 2.000

0.2. Renovación dos anteriores certificados 650

0.3. Actuacións en materia de expropiación forzosa cando o beneficiario non coincida co expropiante 40.000

(Esta cantidade verase incrementada en 2.000 ptas. por cada servidume e 5.000 por cada predio que conteña o expediente).

0.4. Comprobación de obra e instalacións executadas 7.500

(Esta cantidade verase incrementada no 0,025% do valor comprobado cando este non exceda de 100 millóns e no 0,01% sobre o exceso de 100 millóns do mesmo valor comprobado.

0.5. Informes preceptivos en materia de accidentes.



a) En actividades industriais 20.000

b) En actividades mineiras 30.000

0.8 Conformado de certificacións de entidades de inspección e control regulamentario (ENICRES) ou de actividades recoñecidas.

a) En actividades industriais (por cada certificado) 400

b) En materia relacionada co medio ambiente, en canto ós controles feitos polas ECAS, por cada foco de emisión e por contaminante 4.000

0.9 Inscripción no rexistro industrial e/ou autorización de funcionamento.

–Base de aplicación. Importe da maquinaria e instalacións:

–Ata 50.000 1.100

–De 50.001 ata 125.000 2.200

–De 125.001 ata 250.000 3.580

–De 250.001 ata 500.000 5.250

–De 500.001 ata 1.250.000 7.150

–De 1.250.001 ata 2.500.000 9.350

–De 2.500.001 ata 5.000.000 12.100

–De 5.000.001 ata 7.500.000 15.400

–De 7.500.001 ata 10.000.000 19.000

–Por cada millón ou fracción de exceso ata 1.000 millóns 500

–Por cada millón ou fracción que exceda de 1.000 millóns 100

–No caso de denegación de inscrición devengarase o 50% da tarifa anterior.

10. Cambio de titular no rexistro industrial e mineiro sobre tarifa consignada no apartado 09 con un máximo de 100.000 ptas. 25%

11. Recoñecementos periódicos. Sobre tarifa consignada no apartado 09 30%

12. Substitución ou ampliación de maquinaria. Sobre tarifa consignada no apartado 09 40%

13. Traslado de instalacións. Sobre tarifa consignada no apartado 09 75%



14. Legalización de industrias instaladas clandestinamente.

Sen prexuízo das sancións que, se é o caso, sexan de aplicación e no suposto da continuidade da industria. Sobre a tarifa consignada no apartado 09 200%

15. Autorización de aparatos elevadores e guindastres. Sobre tarifa consignada no apartado 09 90%

16. Autorización e comprobación de extintores de incendios 3.500

Esta cantidade verase incrementada en 1.000 ptas. por cada grupo de 10 extintores ou fracción.

17. Xeradores de vapor e recipientes a presión.

Da tarifa consignada no apartado 09 100%

18. Autorización de instalacións de distribución eléctrica.

Da tarifa consignada no apartado 09 150%

19. Autorización de instalacións eléctricas receptoras e de instalacións interiores de auga.

Da tarifa consignada no apartado 09 90%

20. Autorización de instalacións eléctricas en locais de pública concorrencia.

Da tarifa consignada no apartado 09 150%

21. Instalacións de climatización, frigoríficas e de gas.

Da tarifa consignada no apartado 09 100%

22. Inscripción, autorización e posta en marcha de instalacións mineiras e de pozo.

Da tarifa consignada no apartado 09 150%

23. Comprobación do plan anual de labores mineiros.

–Ata 100.000.000. Da tarifa consignada no apartado 09 150%

–Exceso sobre 100.000.000, por cada millón ou fracción 100

24. Comprobación de aparellos de medidas eléctricas.

a) Contadores monofásicos 300

b) Contadores trifásicos 400



- c) Contadores especiais 1.000
- d) Transformadores 300
- e) Limitadores 100
- f) Verificación de certificados expedidos por laboratorios autorizados 3.500

Esta cantidade verase incrementada en 1.000 ptas. por cada 10 contadores ou fracción; 1.000 ptas. por cada 10 transformadores ou fracción e en 300 por cada 10 limitadores ou fracción.

25. Comprobación de aparellos de medida de auga.

- a) Contadores ata 39 mm 250
- b) Contadores de 40 mm en adiante 750
- c) Verificación de certificados expedidos por laboratorios autorizados 3.500

Esta cantidade verase incrementada en 1.000 ptas. por cada 10 contadores ou fracción.

26. Comprobación de aparellos de gas.

- a) Contadores ata 149 l 300
- b) Contadores de 150 l en adiante 750
- c) Verificación de certificados expedidos por laboratorios autorizados 3.500

Esta cantidade verase incrementada en 1.000 ptas. por cada 10 contadores ou fracción.

27. Actuacións en materia de vehículos

- a) Recoñecemento para primeira matriculación, vehículos de emigrantes e motos de importación 1.000
- b) Recoñecemento de vehículos reformados.
 - Conforme o proxecto 1.500
 - Sen proxecto 750
- c) Recoñecemento de vehículos especiais.
 - Polo primeiro vehículo 5.000
 - Polos sucesivos (por cada un) 2.000



d) Recoñecemento de matriculación de vehículos importados usados 5.000

e) Recoñecemento de vehículos de transporte escolar 1.500

f) Expedición de duplicado pola inspección técnica de vehículos 500

g) Verificación de taxímetros 500

h) Recoñecementos posteriores de taxímetros 500

28. Comprobación de posta en práctica de patentes e modelos de utilidade 10.000

29. Tramitación de expedientes en materia de dereitos mineiros.

Rectificacións, marcaxe, divisións e agrupacións de demarcacións existentes.

a) Permisos de exploración.

–Polas primeiras 300 cuadrículas 160.000

–Por cada unha das restantes 200

b) Permisos de investigación.

–pola primeira cuadrícula 160.000

–Por cada unha das restantes 200

c) Concesión de explotación derivada de permiso de investigación.

–Polas primeiras 50 cuadrículas 160.000

–Por cada unha das restantes 3.000

d) Concesión de explotación directa.

–Polas primeiras 50 cuadrículas 200.000

–Por cada unha das restantes 3.000

e) Perímetros para a protección de augas minerais

–Pola primeira cuadrícula 160.000

–Por cada unha das restantes 3.000

No caso de non admitirse a solicitude devólvese íntegro e no caso de admitirse a solicitude e non adxudicarse devólvese o 50% da tarifa anterior.



30. Verificación e prescricións no suposto de abandono de labores mineiros 25.000

Cando requiran máis de un día, por cada día 20.000.

31. Deslindes de dereitos mineiros

–por cada día de traballo de campo 20.000

32. Actuacións relativas a proxectos que requiran uso de explosivos.

–Por autorización de proxectos 10.000

–Por inspección de grandes explosións controladas 20.000

33. Actividades de control do medio ambiente atmosférico e residuos tóxicos e perigosos (R.T. P.)

a) Medición de emisións atmosféricas 75.000

Se é necesario máis de un día, por cada día de máis 60.000

b) Control de inmisións 35.000

c) Autorización de produtor de R.T.P 30.000

d) Autorización de pequenos produtores de R.T.P. 15.000

e) Autorización de xestor de R.T.P. sobre tarifa consignada no apartado 0.9 150%

f) Desmostre de R.T.P. 20.000

34. Pesas e medidas

0.1. Medidas lineais 200

0.2. Medidas de capacidade 300

0.3. Medidas ponderais 300

0.4. Instrumentos de pesar ata 1.000 kgs. 1.000

0.5. Básculas con alcance superior a 1.000 kgs.

Percepción única 3.500

0.6. Formación de lastre preciso para comprobación cada 100 kg. 100



0.7. Medidores automáticos 3.500

–Por cada unidade devengarase ademais 1.000

0.8. Calibración de cisternas 3.000

–Esta cantidade verase incrementada por cada 2 depósitos ou fracción 1.000

TÍTULO IV TAXA SOBRE A VENDA DE BENS

Artigo 25º -Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa sobre a venda de bens a entrega por parte dos órganos da Administración, entes ou organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia dos bens solicitados.

No caso de que a subministración do ben consista en entregas parciais, o feito imponible entenderase realizado en cada unha delas.

Artigo 26º -Suxeito pasivo.

É suxeito pasivo da taxa sobre venda de bens a persoa natural ou xurídica solicitante do ben en cuestión, en beneficio do cal se fai a entrega.

Así mesmo terán a consideración de suxeitos pasivos desta taxa as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

Artigo 27º -Devengo.

A taxa devengarase no momento da entrega do ben.

Artigo 28º -Tarifa.

0.1. Venda de libros oficiais de uso obrigatorio que non teñan tarifa específica 500

0.2. Venda de talonarios de inspeccións industriais 500

0.3. Libros de mantemento de instalacións frigoríficas, aparellos de presión, GLP, guindastres, calefacción e climatización 1.000

DISPOSICIÓN TRANSITORIA



Mentres non se proceda ó desenvolvemento regulamentario dos procedementos de xestión, liquidación, e recadación, os ditos procedementos realizaranse conforme o previsto na normativa vixente ata o momento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente as normas do presente texto articulado dentro dos tres meses seguintes ó da súa publicación.

